

Limpeza e restauración de estruturas no Castelo da Lúa, Rianxo (A Coruña)

ANDRÉS BONILLA RODRÍGUEZ

A petición dos Servizos Técnicos de Arqueoloxía da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, entre outubro e novembro de 2008 realizáronse unha serie de traballos de limpeza e restauración de estruturas arqueolóxicas na fortaleza medieval do Castelo da Lúa, localizada na parroquia de Santa Comba en Rianxo (A Coruña).

Este xacemento sitúase no litoral da Ría de Arousa, nun outeiro rochoso na desembocadura do río Te na ría. Situado a 1 km da capital municipal, o seu acceso realiza-se pola estrada Rianxo-Burés, atravesando o lugar do Pazo ata chegar á liña de costa.

O xacemento fora obxecto dunha segunda campaña de escavación no ano 2007. En setembro de 2008 o lugar atopábase parcialmente cuberto pola vexetación de touza que medrara desde a dita campaña. Esta circunstancia non supuña un risco para a integridade do xacemento, pero creaba unha sensación de abandono que prexudicaba a súa valoración por parte do público.

Os restos do forno cerámico restaurado e consolidado foran obxecto de actos de vandalismo consistentes na derruba das fiadas superiores en todo o seu perímetro e a destrución do cuadrante SW da parede do forno. Afortunadamente, os materiais construtivos derrubados permanecían dentro da propia estrutura.

Os traballos arqueolóxicos realizados consistiron na limpeza con medios manuais da vexetación de touza que ocupaba o contorno do xacemento. Realizáronse, así mesmo,

unha serie de traballos de reposición e consolidación do forno cerámico, co obxecto de restituír a estrutura ao estado que presentaba ao finalizar a intervención de 2007. A consolidación das estruturas realizouse seguindo criterios de reversibilidade e evitando adicións miméticas.

Na parede W a derruba afectou a primeira fiada, consolidada na campaña anterior e a parte da parede orixinal da estrutura, incluíndo un dos apoios da grella. A parede S veuse alterada da reintegración estrutural realizada na intervención anterior, así como a entrada á cámara. Na parede E tampouco se conservaba parte da primeira fiada, estando afectados o apoio da grella nesa beira e a revocadura de arxila rubefactada. Tamén se localizou a presenza de vexetación nas xuntas interiores e exteriores das paredes, áinda que en menor medida respecto das anteriores, posiblemente polo tapado da estrutura con plástico.

Como paso previo á limpeza do forno, retiráronse as pedras da derruba aloxadas no interior da estrutura e recompiláronse aquelas que se atopaban nas proximidades. Realizouse unha limpeza mecánica en seco das paredes na súa parte interior e exterior. Eliminouse a vexetación e retirouse a sucidade de carácter antrópico.

Como paso previo á consolidación realizouse unha montaxe, é dicir, unha «reconstrucción ideal», localizando gran parte das pedras orixinais das paredes alteradas e das utilizadas na consolidación do ano 2007. As que non se recuperaron foron substituídas. Tentouse primar a similitude



Esquerda: Vista do forno ao comezo dos traballos. Dereita: Vista do forno unha vez restaurado

coas usadas no momento de construcción e tomáronse como referencia fotografías pertenecentes a intervencións anteriores. Unha vez seleccionadas, a montaxe realizouse encaixando unhas pedras con outras de tal xeito que o resultado se asemellase o máis posible ás imaxes de referencia. Os novos elementos numeráronse para a reconstrucción definitiva xa co morteiro.



Vista da zona central da fortaleza

Para os traballos de consolidación utilizouse cal áerea, area, pigmentos en po de orixe mineral e como elemento diferenciador baldosa de terracota. Para a preparación do morteiro utilizáronse os mesmos criterios de selección que na consolidación anterior, de carácter estrutural e estético (estabilidade, composición, dosificación e grao de alteración do morteiro orixinal, etc.).

Unha vez preparado, procedeuse á reintegración da estrutura. As pedras colocáronse seguindo a orde da montaxe previa. Para mitigar os efectos de futuros actos vandálicos reforzouse o exterior da estrutura correspondente á derruba que rodea o forno, engadindo pedras de tamaño medio e argamasa nos espazos. Acondouse un reforzo arredor que se identifica como non orixinal pola propia cor do morteiro.

Os traballos de restauración desenvolvidos no forno cerámico devolveron a estrutura ao estado que presentaba ao finalizar a intervención de 2007. A consolidación realizouse seguindo criterios de reversibilidade e evitando adiccións miméticas.

Finalmente o xacemento quedou totalmente libre da vexetación que medrase desde a campaña de 2007. É, non obstante, evidente a inminente colonización da vexetación en cuestión de meses, sendo precisos labores periódicos de limpeza como os efectuados. □